

**Resolución do 9 de febreiro do 2024, do Director Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A., pola que se nomea ao asesor lingüista que participará no proceso selectivo extraordinario de estabilización, mediante o sistema de concurso, convocado pola Resolución do 29 de decembro do 2022 (DOG nº 248 do 30 de decembro do 2022) para o ingreso como persoal laboral fixo da Corporación, derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro.**

Unha vez convocado o proceso selectivo extraordinario de estabilización, mediante o sistema de concurso, derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro pola resolución que se cita na cabeceira, o Director Xeral da CRTVG, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria

**RESOLVE:**

Nomear como asesor lingüista das comisións de valoración encargadas da cualificación do proceso extraordinario de estabilización a Xosé Gregorio Ferreiro Fente, Asesor docente da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, quen desenvolverá as súas tarefas consonte ao regulado no artigo 20.1.1 do Convenio Colectivo da CRTVG e nas bases da convocatoria.

San Marcos, 9 de febreiro do 2024

O Director Xeral da CRTVG

  
 CORPORACIÓN  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA  
Dirección Xeral

Alfonso Sánchez Izquierdo